

Unidade 8. Que drama!

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Indica se os verbos destas oracións son predicativos ou copulativos.

- Un dos símbolos de Europa é a bandeira.
- Non sei que parececes con ese sombreiro.
- Ese cadro ten centos de anos.
- Aquela casa semellaba baleira.
- O tío de Xián colleu setas para o xantar.
- Pareceume ver un corzo detrás daquelas árbores.

Predicativos	Copulativos
Sei, ten, colleu, ver, dixo, foramos, serviron.	É, parececes, semellaba, pareceume, estaba.

2. Subliña o predicado das seguintes oracións e di de que tipo é.

- Os camións de transporte son moi grandes. Predicado nominal
- Os cans do teu irmán saltaron o valado. Predicado verbal
- A bicicleta azul pesa moito. Predicado verbal
- Manuel e Sabela parecen irmáns. Predicado nominal
- Os teus amigos semellaban máis altos. Predicado nominal
- Eu non durmo con tanta luz. Predicado verbal

3. Analiza o predicado nominal das oracións anteriores.

Son: verbo copulativo; moi grandes: atributo.

Parecen: verbo copulativo; irmáns: atributo.

Semellaban: verbo copulativo; máis altos: atributo.

4. Escribe dúas oracións con predicado nominal e dúas con predicado verbal.

Resposta libre.

Unidade 8. Que drama!

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Completa as seguintes oracións con **haber** e **a ver**.

- Eu penso que debería **haber** moita máis xente alí.
- Vou para casa, **a ver** se remataron coas obras.
- Ten que **haber** máis de douscentos exemplares naquela biblioteca.
- Esta curva é moi perigosa, debería **haber** un sinal.
- **A ver** cando me chamas!
- Mira aquel carteliño **a ver** que pon.
- O venres podería **haber** unha sorpresa moi grande.

6. Completa as seguintes oracións con **hei** e **ei**!

- **Ei!** Xián. Por que fixeches iso?
- Por que **hei** de ir ao colexio se hoxe non hai clase?
- **Hei** chamarte por teléfono a ver que tal estás.
- **Ei!** Ten coidado co que fas.
- **Ei!** Canto tempo sen verte!

7. Completa as seguintes oracións con **aí**, **ai!** e **hai**.

- Xa **hai** moitos anos que estou fóra.
- Por **aí** vén o teu irmán.
- **Ai!** Que alegría acabo de levar.
- **Ai!** Pero que guapa estás!
- **Hai** unha cadeira que está estragada.
- Mira! **aí hai** un camiño de terra.

8. Escribe o ditado.

—Por aí vén Xoán! **A ver** que nos conta. **Hai** moito tempo que non o vexo. **Ei!** Xoán! Por que camiñas así?

—Manqueime no nocello. A miña nai dime que **hei** ter unha escordadura.

—Terás que ir ao médico que está **aí** ao lado.

—Aí vou.

—**Hei** de chamarte para ver que che dixo.

—De acordo.

Unidade 8. Que drama!

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

9. Le o seguinte texto.

MARUXAINA

Unha lenda da Mariña lucense conta que diante do cabo de San Cibrán, no concello de Cervo, hai uns illotes chamados Os Farallóns. Dise que alí vive unha serea chamada «A Maruxaina». Nos días de mal tempo, a Maruxaina sae dos illotes e chama os mariñeiros. Hai quen cre que sae para axudar os mariñeiros en caso de perigo, pero tamén hai quen di que a súa intención é engaiolalos para que naufraguen. Esta vila de San Cibrán recuperou hai algúns anos unha vella tradición. Confeccionan unha serea de longos cabelos louros cunha rocha. O segundo sábado do mes de agosto, pola noite, lévase esta serea desde Os Farallóns ata a praia de San Cibrán. Alí é sometida a un xuízo popular, no que queda absolta. Ao rematar, volve ás illas, nas que permanece o resto do ano.



Popular

2. Contesta estas preguntas.

- Que é o texto que acabas de ler?

Unha lenda.

- Que é unha lenda ou mito?

Relato tradicional de feitos fantásticos, que poden ter un fondo histórico pero que foi deformado e esaxerado co paso dos anos.

3. Cántalles unha lenda aos teus compañeiros.

Resposta libre.